

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Casa do Concello de Valdoviño (Salón de Sesións) reúnese o día quince de decembro de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, e á que asisten todos os concelleiros e concelleiras que conforman a Corporación municipal: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE ; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez e Fernández dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota González Navarro, así como a interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que son os seguintes:

ORDE DO DÍA

I. PARTE DISPOSITIVA

1º APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: 14.11.17 (EXTRAORDINARIA E URXENTE) E 17.11.17 (ORDINARIA).-

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou os citados borradores.

Non votan, respecto ao borrador da acta do 14.11.17 os Srs. Rodríguez Fernández e Bacorelle Robles por non teren asistido á sesión e non vota respecto ao borrador da acta do 17.11.17 o Sr. Bacorelle Robles, polo mesmo motivo.

2º APROBACIÓN DE DITAME SOBRE CUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA E CREACIÓN DUNHA GALERÍA DE ALCALDES NA SALA DE XUNTAS.-

/O ditame sobor da proposta de Alcaldía que se reproduce, emitíuse favorable pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en sesión do día 11.12.17/:

Proposta de Alcaldía:

“Creación dunha sala de Alcaldes na Sala de Xuntas do segundo piso da Casa do Concello.

A normativa sobre Memoria Histórica sinala que as administracións públicas tomarán as medidas para a retirada de obxectos conmemorativos da exaltación da sublevación militar ou da Ditadura.

No Salón de Plenos, máxima expresión física da Democracia do noso Concello, persiste a exposición dunha serie de fotografías en recoñecemento das persoas que ocuparon a Alcaldía na época franquista xunto cós Alcaldes e Alcaldesas elixidas democráticamente. Porén dita situación debe adaptarse á normativa en vigor e dado que o Salón de Plenos na actualidade utilízase puntualmente para outro tipo de actos civís para os que pode ponderarse a mellora da estética do mesmo, e có obxecto de recoñecer aos representantes da Alcaldía de épocas democráticas,

A ALCALDÍA PROPÓN que se adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: RETIRAR do Salón de Plenos os obxectos que conmemoran a Ditadura en forma de fotografías.

SEGUNDO: Nomear a Sala de Xuntas da segunda planta do edificio consistorial coma Sala de Alcaldes Democráticos e trasladar á mesma as fotografías situadas na actualidade no Salón de Plenos.

En Valdoviño, a 4 de decembro de 2017.

O alcalde,

Asdo. D. Alberto González Fernández”.

O pleno aprobou o ditame sobre cumprimento da Lei de memoria histórica e a creación dunha galería de Alcaldes na Sala de Xuntas, mediante votación ordinaria e por maioría; cos votos a favor de todos/as os/as concelleiros/as; agás os/a do Partido Popular, quenes se abstiveron. En consecuencia: (9 votos favorables e 4 abstencións).

3º.- APROBACIÓN DE FACTURA DE ASEPEYO, S.L., INCLUÍDA EN RELACIÓN DE FACTURAS DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 4/2017 E POSTERIORMENTE EN RELACIÓN Nº 5/2017.-

Conforme ao ditame da comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, de data 11 de decembro de 2017 seguinte:

“Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación deste Concello, presentouse polo Grupo de Goberno e fóra da Orde do Día a aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2017, cuías facturas se relacionaban en Anexo e que o Pleno da Corporación, tras ratificar a Urgencia resolveu segundo figura na acta:

“O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2017, conforme a proposta de Alcaldía reproducida, coa emenda de exclusión da factura F/2017/2725 emitida pola “Sociedad de prevención de Asepeyo, S.L”, por existir dúbidas ante a correspondencia do concepto facturado”.

Visto que se verificou posteriormente que o período facturado se correspondía con períodos previos á finalización do contrato desta Entidade, procedeuse a incluír dita factura na proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 572017, que se someteu a previo ditame da comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa celebrada o pasado 11 de decembro de 2017.

Visto que a comisión informativa nesta sesión de 11.12.17, ditaminou, segundo figura textualmente na acta desta sesión:

“A comisión informativa en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, ditaminou favorablemente a aprobación da factura da “Sociedad de prevención ASEPEYO S.L” emitida en data 25/05/2015, con nº SPID2015000314, correspondente ao período 25/05/2015 ata 25/08/2015 de importe 519,59 € refacturada mediante factura electrónica emitida en data 29/03/2017 co nº 2017037715....”

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas eleva ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conforme ao ditame da comisión informativa citada, aprobar a factura de “ASEPEYO, S.L” de datos anteriormente referenciados, por importe de 519,59 euros.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 12 de decembro de 2017

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

O Pleno, por votación ordinaria e unanimidade, acordou aprobar a factura de ASEPEYO, S.L, cuos datos se especifican no parte expositiva do ditame.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde anuncia a presentación dos seguintes puntos FÓRA DA ORDE DO DIA:

Un asunto, a modificación da ordenanza municipal de tráfico, aos efectos de mellorar canto antes a seguridade.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda ratificar a urxenza deste punto:

.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.- ORDENACIÓN DO TRÁFICO NO VIAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL QUE SE IDENTIFICA CO NÚMERO DE ACTIVO 1C.6.0106.

O vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.0106, localízase no lugar de Atios-Valdoviño e atopase dentro do casco urbán desta localidade.

O mencionado vial ten un ancho medio de 2,50 m, unha lonxitude de 150 m., o firme do mesmo é riego asfáltico e non conta con sinalización vertical nen horizontal específica de nengunha clase. Na marxe esquerda do vial, en sentido de circulación Paseo da Lagoa-Avd. de Atios existen beirarrúas cun ancho medio de 1,50 m.

Consultado co Departamento de Obras e Urbanismo deste Concello, resulta que nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, está previsto no lugar un vial de 8 m. de ancho.

O vial de titularidade municipal 1C.6.0106, usase por infinidade de vehículos, sobre todo na época de estivo, é debido ao ancho do mesmo producense atascos que dificultan a circulación de vehículos nas dúas direccións, debido ao ancho do vial e ás manobras de marcha atrás que teñen que realizar os condutores dos vehículos, co obxecto de deixar paso ao vehículo que circula con preferencia en sentido contrario.

Por parte desta Alcaldía, estimase necesario con obxecto de evitar situacións de risco e colapsos circulatorios no dito vial municipal, proceder á ordenación do tráfico en dita via, conforme ás seguintes especificacións:

- a) Regular a circulación de vehículos polo vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.106, quedando a circulación de vehículos regulada por dito vial nun soio sentido de circulación.
- b) Regular a circulación de vehículos polo vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.106, en sentido de circulación Paseo da Lagoa- Avd. de Atios.
- c) Sinalizar o vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.106 coas correspondentes sinais verticais e horizontais.

Polo exposto, por parte da Alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Modificar inicialmente o punto 1 “vias reguladas” do apartado Regulación, da ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Pleno da Corporación, celebrado o día 19 de abril de 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 79, de 29 de abril de 2010, incluíndo un punto h.

- h) Vial con número activo 1C.6.106: circúlase en sentido Paseo da Lagoa-Avd. de Atios.

SEGUNDO: A publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días e no taboleiro de anuncios deste Concello, que contarán dende o día seguinte ó de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentasen alegacións, considerarase definitivamente dito acordo.

Valdoviño, 14 de decembro de 2017.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade acordou a modificación da ordenanza municipal de tráfico segundo se expresa na proposta de Alcaldía anteriormente reproducida.

Un segundo punto, presentado FÓRA DA ORDE DO DÍA é a aprobación do POS+ 2018, debido a que remata o prazo para participar no mencionado Plan e para remitir a correspondente documentación á Deputación Provincial na vindeira semana, en concreto o día 18 de decembro.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda ratificar a urxenza deste punto:

.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2018.-

1º. Dada a necesidade de aprobar a participación do Concello no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concellos) POS+2018 antes do 20 de decembro, e que antes desa data teñen que ser remitida a Deputación Provincial a través da plataforma correspondente toda a documentación necesaria ao efecto e tendo en conta a posibilidade de incorporar no Pleno ordinario dito punto mediante a súa incorporación pola vía de urxencia propónse a súa incorporación ma orde do día.

2º. Unha vez publicado o Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concellos) POS+2018, có obxectivo de colaborar nas obras e servizos de competencia municipal, o Concello de Valdoviño pretende abordar unha serie de actuacións de investimento que permitan mellorar as infraestruturas e equipamentos municipais e cubrir os gastos correntes derivados da prestación dos servizos públicos para os veciños.

Porén e tendo en conta as Bases reguladoras do Plan prevese adicar unha parte do Plan ao financiamento dos gastos correntes municipais.

Ao marxe da necesaria financiación dos gastos correntes, os investimentos previstos redundarán nas tarefas de mantemento conservación e mellora de infraestruturas, tanto no referente aos camiños coma a a iluminación e o inmovible obxecto da actuación.

Para elo executará importantes traballos de mantemento de viais de titularidade municipal o que xenará un importante aforro en traballos de mantemento e mellorará as condicións de seguridade nas vías.

O campo de fútbol municipal conta con graves deficiencias no seu terreo de xogo que fan que os gastos de mantemento sexan moi elevados e non permite o seu uso dun xeito continuado, porén é necesario rehabilitar o terreo de xogo coa implantación de herba artificial o que permitirá un maior uso dadas as necesidades dos veciños e abaratar dun xeito exponencial os gastos de mantemento.

Asemade ao longo da AC-566 nos lugares da Carreira, Cabezal e Robles, e no zona da Carreira no propio núcleo de poboación, procederase á substitución de luminarias existentes na zona afectada, actualmente equipadas con lámpadas de descarga, por outras de maior rendemento enerxético e lumínico, que empreguen tecnoloxía led como fonte de luz. Isto suporá un aforro nos custos de conservación e mantemento, tendo en conta que para reducir o consumo de enerxía na iluminación exterior débese actuar sobre as instalacións que as compoñen, ben por optimización dos sistemas instalados ou ben por renovación

A ALCALDÍA PROPÓN que se adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Ratificar a urxencia da incorporación na orde do día do presente punto

SEGUNDO Aprobar a participación do Concello do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2018, así coma os proxectos presentados para a execución dos investimentos, segundo a seguinte distribución por achegas:

Achega provincial 2018

O Concello prevé adicar a totalidade de dita achega ao financiamento dos gastos correntes cunha cantidade de 262.660.19€

Achega provincial 2017 –superavit-

O Concello pretende destinar esta achega exclusivamente aos traballos de mantemento conservación e reparación de camiños e vías municipais.

Os camiños sobre os que se pretende actuar presentan un firme deteriorado e gabias con maleza e terras acumuladas, polo que se fai necesario mellorar dito firme e acometer obras de limpeza das gabias para permitir que as augas pluviais discorran polas cunetas e non danen o firme do camiño.

Dende o punto de vista da sostenibilidade as actuacións no firme supoñen un aforro nos custos de conservación e mantemento, tendo en conta que se non se actúa de maneira preventiva, o custo do arranxo, así como os de conservación e mantemento, aumentaría significativamente. Así mesmo, a limpeza das gabias garante a evacuación da auga da plataforma e en consecuencia limita ós seus

efectos nocivos sobre o pavimento o que repercute de forma directa nun aforro dos custos de conservación das estradas.

Para elo apróbase por parte do Concello o PROXECTO DE PAVIMENTACION na AVENIDA COUCE CASAS E OUTROS, redactado polo enxeñeiro de camiños Julio Rojo Martínez e contando cun orzamento de execución por contrata de 257.704,34 €.

Préstamo provincial 2018

Dentro desta achega incorpórase o PROXECTO DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE, co obxectivo de substituír o actual céspede natural por un novo céspede artificial de última xeración para a práctica indistinta de F-11 y F-7 e dotar así a Valdoviño de un campo de fútbol con condicións idóneas para a práctica deportiva que ademais posibilite a utilización do mesmo de forma intensiva e cun fácil e menor mantemento.

Con esta actuación preténdese solucionar os problemas de drenaxe, conservación e mantemento en xeral do espazo de xo go, co obxectivo de reducir os costes das lab ores de mantemento da instalación municipal, facendo economicamente sostible, reducindo considerablemente o importe de mantemento co céspede artificial proposto dado que este supón a ausencia de traballos de corta, de traballos de abonado, de sembra periódica, de fumigación, conquerindo a redución de gasto tanto eléctrico como de auga ao ser moito menores as necesidades de rego.

O proxecto é redactado polo arquitecto Rubén Fernández Lombardero e conta cun orzamento de execución por contrata de 349.180,05 €, dos que 232.925,07€ corresponden a achega provincial e o resto a financiación municipal.

Plan Complementario

Dentro deste Plan incorpóranse dous proxectos:

1. CAMIÑO NA VILAXE (VILABOIA) E OUTROS

Trataríanse de obras de conservación e reparación de camiños e vías municipais. Os camiños sobre os que se pretende actuar presentan un firme deteriorado e gabias con maleza e terras acumuladas, polo que se fai necesario mellorar dito firme e acometer obras de limpeza das gabias para permitir que as augas pluviais discorran polas cunetas e non danen o firme do camiño.

As actuacións no firme supoñen un aforro nos custos de conservación e mantemento, tendo en conta que se non se actúa de maneira preventiva, o custo do arranxo, así como os de conservación e mantemento, aumentaría significativamente. Así mesmo, a limpeza das gabias garante a evacuación da auga da plataforma e en consecuencia limita ós seus efectos nocivos sobre o pavimento o que repercute de forma directa nun aforro dos custos de conservación das estradas

O proxecto é redactado polo enxeñeiro de camiños Julio Rojo Martínez e conta cun orzamento de execución por contrata de 100.657,92 €.

2. PROXECTO DE MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ENTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566

O proxecto contempla obras de mantemento e mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público existente.

A actuación consiste na substitución de luminarias existentes na zona afectada, actualmente equipadas con lámpadas de descarga, por outras de maior rendemento enerxético e lumínico, que empreguen tecnoloxía led como fonte de luz. Isto suporá un aforro nos custos de conservación e mantemento, tendo en conta que para reducir o consumo de enerxía na iluminación exterior débese

actuar sobre as instalacións que as compoñen, ben por optimización dos sistemas instalados ou ben por renovación.

As lámpadas a instalar teñen unha elevada duración de vida, co que as operacións de mantemento pódense distanciar no tempo ou mesmo eliminar con respecto ás das lámpadas convencionais. Non se prevén gastos derivados da intervención durante a vida útil fóra dos derivados da propia conservación ou das reparacións puntuais motivadas por sucesos meteorolóxicos ou circunstancias de carácter excepcional non previsibles.

Esta actuación, destinada á mellora da iluminación pública permite mellorar ás condicións lumínicas reducindo considerablemente o consumo eléctrico.

O proxecto é redactado polo enxeñeiro Jesús Manuel Dubra Liste e conta cun orzamento de execución por contrata de 50.000 €

TERCEIRO Remitir á Deputación provincial o presente acordo unha vez incorporada toda a documentación requirida nas Bases.

A N E X O I

ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2018”

O Pleno deste Concello, na sesión realizada o día 15/12/2017, adopta o seguinte acordo:

1.–Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Pan único de concellos) “POS+ 2018”**, da Deputación provincial da Coruña cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	----
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-----
Subtotal pago a provedores	-----

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	
Subtotal gasto corrente	262.660,19

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total

Subtotal investimentos achega provincial 2018	-----	-----	-----

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento			
(Investimentos financeiramente sostibles)				
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación Avenida Couce Casas e Outros	454			
Subtotal investimentos achega provincial 2017		257.704,34	-----	257.704,34

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Proxecto básico e de execución de campo de fútbol de hierba artificial en campo de fútbol municipal de Mourente	232.925,07	116.254,98	349.180,05
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	232.925,07	116.254,98	349.180,05

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	-----

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	-----

Denominación do investimento “financeiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación	
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		----

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-----

G) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	-----	-----	-----
	Achega 2018	-----	-----	-----
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	262.660,19	-----	262.660,19€
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	-----	-----	-----
	Achega 2017	257.704,34	-----	257.704,34
	Préstamo 2018	232.925,07	116.254,98€	349.180,05€
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	-----	-----	-----
E-ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	-----	-----	-----
	Achega 2017	-----	-----	-----
F-REDUCION DEBEDA	Préstamo 2018	-----	-----	-----
TOTAL	Achega 2018	262.660,19	-----	262.660,19€
	Achega 2017	257.704,34	-----	257.704,34€
	Préstamo 2018	232.925,07	116.254,98	349.180,05€
	TOTAL	753.289,60	116.254,98	869.544,58

2.–Aprobar o Plan complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Camiño na Vilaxe (Vilaboa) e Outros	454	100.657,92€
Proxecto de mellora da iluminación pública na entrada a Valdoviño pola calzada AC-566	165	50.000
TOTAIS		150.657,92

3.–Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.–Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018 se a houbera.

5.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se prodúce efectivamente.

6.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.–Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.–Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Valdoviño, a 15 de decembro de 2017

O alcalde,

Asdo. D. Alberto González Fernández

O Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobou a proposta de Alcaldía e o Anexo I segundo modelo de Deputación Provincial para participar no Plan; anteriormente transcritos.

Votos favorables dos grupos municipais PSdeG-PSOE, CENVAL, BNG (8 votos a favor) e abstención dos grupos municipais PP e U POR V(5 abstencións).

II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA (EMITIDOS DENDE O 10/11/17 AO 05/12/17).-

De conformidade co sinalado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación de decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 10 de novembro e o 05 de decembro do ano en curso, e que abarcan os números de decretos do 452 ao 483, para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno dáse por informado.

5º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.-

Dáse conta do requerimento efectuado pola Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local de información que debera terse remitido antes do remate de 2016 pola anterior persoa que ocupaba o posto de intervención: O Plan presupostario a medio prazo 2017-2019.

De que o anterior requerimento foi obxecto de consulta por esta interventora actual e atendido mediante o decreto de Alcaldía núm. 473/2017 de data 25/11/17.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Sr. Ameneiros Serantes.-

.- A praza de policía. Cando van sacar a convocatoria?

Sr. Alcalde.- En canto se poida.

A interventora Sra. Leal Insua explica que fixo unha consulta e está a espera de que se lle conteste para saber si é posible sacar dita praza.

.- Quen xestiona o museo do surf?

Sr. Alcalde.- O persoal do Concello e durante tres meses a Mancomunidade.

.- Solicito unha reunión para falar do Plan Xeral.

Sr. Alcalde.- O día 7 de decembro chegou documentación pero aínda non a examinamos.

.- As paradas do transporte público deben de estar nas marquesiñas, deben comunicarlle isto á Xunta.

Sr. Beceiro Rodríguez.-

.- Cando van a quitar a contratación do chiringuito da praia?

Sr. Alcalde.- Vaise facer.

Sr. Beceiro.- Porque acabou o prazo do contrato en agosto e agora están sen contrato.

.- Por qué o Concello non se adhira ao Convenio 'en negro contra a violencia'?

Sr. Alcalde.- O Concello xa fai actuacións nese sentido.

Sr. Beceiro.- Hai inconvincente en adherirnos?

Sr. Alcalde.- Non, e tes razón.

.- Hai que pre-alertar sobor da Lagoa.

Sr. Alcalde.- Xa avisamos e van vir a medir o nivel.

.- Hai que facer limpeza de gabias na estrada do Trece, seguirei avisando. Comentaronme que a fonte de Outeiro está seca.

Sr. Alcalde.- Tivemos unha reunión onde nos comunican que estamos en precario e que hai que tomar medidas. Estivose mirando para evitar fugas de auga. Viaqua fala dunha perda do 30% do subministro. Xa informamos aos veciños.

.- Hai horario na biblioteca? Tedes que poñer o cartel do horario.

Sr. Alcalde.- Quitouse estes días, pero poñeremolo.

.- Fustedes ver as embarcacións das Forcadas?

Sr. Alcalde.- Non. Esta semana foinos imposible.

Sr. Vigo Lago.-

.- O contrato de mantemento do alumeado hai que sacalo xa, levamos tres anos sen quitalo.

Sr. Alcalde.- Tes razón.

.- Aínda non me deron a documentación que pedín por rexistro.

Sr. Alcalde.- Non sabía nada.

Rematado o turno de rogos e preguntas, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, o Sr. Alcalde –Presidente levanta a sesión, da que eu secretaria, estendo a acta e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,